

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 14/03/2019, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTE. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira

Soledad Vilela Romero

Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-

2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

3º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:00** horas do día **14/03/2019** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 21 de Febreiro de 2019 é aprobada por unanimidade dos asistentes.-

2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

OBRAS MAIORES

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro do Departamento Urbanístico e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística:

A **JUAN FRANCISCO BOULLOSA MARCOTE**, para proceder á Reconstrución de Refuxo en Planta Baixa e Planta Primeira, emprazada no Camiño Romano de Marcos (Referencias Catastrais 15038A035004490000FE E

15038A035004470000FI), debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico e Modificado do mesmo sen visar, redactados polo Arquitecto Antonio Miguel Freire Romero de datas 18 de Abril de 2018 e 4 de Decembo 2018 respectivamente que consta no expediente, así como ás condicións impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia Resolución de data 4/03/2019; debendo presentar:

- Cumprimento do Decreto 29/2010, de 18 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia e xustificarse no proxecto de execución a preinstalación do bidé así como a documentación gráfica.
- Cumprimento a resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e unha vez rematadas as obras, nun prazo non superior a seis meses remitir ó citado Organismo, unha memoria final das obras asinada polo técnico director, na que se incorpore unha reportaxe fotográfica a cor do estado da construción anterior e posterior á execución das obras.
- As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente proxecto de execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudo de seguridade e saúde, e sen obter previamente a autorización municipal para o seu comezo, oficios da dirección de execución das obras e de ser o caso coordinación de seguridade e saúde e escrituras públicas de agrupación das fincas con referencia catastral 15038A035004490000FE e 15038A035004470000FI, así como xustificación de ter iniciado en catastro o trámite da actualización do mesmo para que só apareza unha única parcela.
- Xustificarse o cumprimento do disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto.
- O estudo xeotécnico débese acometer na fase inicial de proxecto e en calquera caso antes de que a estrutura estea totalmente dimensionada, o que deberá acreditar antes ou simultaneamente á solicitude de primeira utilización da edificación.
- Restableceranse ao seu estado orixinal as rúas e as beirarrúas que resultasen danadas coas obras, a conta do promotor e completarse a urbanización no fronte da aliñación co mesmo tipo a calidade que os materiais existentes.
- Conectarase pola súa conta e cargo aos servizos públicos existentes.

As obras de acometida á rede de servizo municipais de abastecemento de auga teranse que executar coas seguintes condicións:

a.- Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de abastecemento.

b.- A acometida consistirá nunha tubaxe de polietileno de diámetro 32mm (1") en 16 atmósferas de presión, con collarín e banda de aceiro inoxidable, machón de bronce e válvula de cuadradillo de bronce e o enlace de latón para unir válvula con tubaxe de acometida.

c. Executarase unha arqueta non rexistrable de ladrillo macizo de dimensións aproximadas de 30cm x 30 cm, para aloxamento da válvula. A parte superior da arqueta executarase cunha lousa de formigón de espesor 4cm, cun orificio troncocónico (para impedir a caída da tubaxe de PVC ao interior da arqueta). Sobre esta tapa encaixarase unha tubaxe guía cunha tubaxe de rexistro en PVC de 90mm, serie C, ata 10 cm antes da rasante do pavimento, para que o rexistro non apoie no tubo guía. Como remate colocarase unha tapa de rexistro (de fundición de diámetro de 20 cm) enrasada co pavimento, con indicativo "Augas de Fisterra", e frecha de sentido de fluxo de auga.

d. Colocarase un contador homologado de 13 mm no límite entre o espazo público e o privado.

e. O interesado comunicarase coa empresa do servizo de abastecemento de auga e saneamento, para que por esta se efectúe a correspondente conexión ás redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

f. A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

• O vertido da fosa séptica, quedará supeditada á correspondente autorización do organismo de conca como preceptúa o Texto Refundido da Lei Augas aprobado por Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo e o Regulamento do Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986, de 11 de abril. Non se poderá utilizar a vivenda nova sen a preceptiva autorización.

• En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

- o EXPEDIENTE: 2018/U022/000010
- o LICENZA URBANISTICA: Xunta de Goberno Local de 14 de Marzo de 2019
- o ORDENANZA DE APLICACIÓN: Solo Rústico de Protección Ordinaria.-
- o PROMOTOR: Juan Boullosa Marcote
- o CONSTRUTOR: -----
- o DIRECTOR DE OBRA: Antonio Miguel Freire Romero, Arquitecto.
- o DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL: -----
- o NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: B+1
- o USO: Vivenda Unifamiliar

O cartel sera un taboleiro hidrofugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

Deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de Mil trescentos setenta e seis euros con oitenta e tres céntimos (1.376,83 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras en base á aplicación do 2,2 % previsto na Ordenanza fiscal reguladora do mesmo sobre un Presuposto de execución material.

COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de FÁTIMA MARÍA DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 463 de 20/02/2019) para proceder á realización de obras consistentes no pintado da fachada dunha edificación en cor gris claro (Referencia Catastral 8506807MH7580N0001YT) mediante a ocupación da vía pública con andamios nunha superficie de catro metros.-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 26 de Febreiro de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia.-

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MANUEL ORLANDO VALDIVIESO LADO, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 3.391 de 4/12/2018) para proceder á colocación de tella na cuberta dunha vivenda (Referencia Catastral 001902800MH75D0001EQ).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 26 de Febreiro de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia, debendo axustarse na súa totalidade ás condicións impostas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia en resolución de data 18/02/2019 que consta no expediente .--

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MANUEL CANOSA CANOSA, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 458 de 20/02/2019) para proceder ó pintado da fachada en cor branca e substitución da galería existente de aluminio por pvc nunha vivenda sita na citada localidade (Referencia Catastral 0945120MH8504N0001JU).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 26 de Febreiro de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia.-

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de CIPRIANO CASTREJE MARTÍNEZ, (Rexistro de Entrada 477 de 21/02/2019) para proceder á limpeza do teito e obras de pintado en cor branca da parte posterior dunha vivenda (Referencia Catastral 8605116MH7580N0001LT).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 27 de Febreiro de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia.-

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de PRIMITIVO OLVEIRA GONZÁLEZ, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 501 de 26/02/2019) para proceder á realización de obras de reparación no canalón de augas dunha vivenda (Referencia Catastral 8604508MH7580S0001ID).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 6 de Marzo de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia.-

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MANUEL PAZOS LADO, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 536 de 1/03/2019) para proceder ás obras de lavado e pintado en cor branca das fachadas nunha edificación (Referencia Catastral 8609342MH7580N0001HT).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 6 de Marzo de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia.-

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MARÍA DEL MAR INSUA RIVAS, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 471 de 21/02/2019) para proceder á reparación dunha beirarrúa (Referencia Catastral 8625709MH7582N0001IH).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 6 de Marzo de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia.-

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MARÍA ESTÉVEZ FERNÁNDEZ, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 507 de 26/02/2019) para proceder á colocación de pedra polos laterais das galerías existentes nunha vivenda (Referencia Catastral 8609706MH7580N0001MT).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 6 de Marzo de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia.-

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de ESTRELLA PÉREZ MARÍA, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 500 de 26/02/2019) para proceder á realización de obras consistentes na substitución da condución de saneamento existente coa rede municipal con destino a un establecemento público de Hotel (Referencia Catastral 8216108MH7581N0001MX).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 6 de Marzo de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia.-

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MARÍA LAGOA TRABA, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 2.620 de 14/09/2018) para proceder á realización de obras consistentes no encintado da pedra na fachada lateral dunha edificación (Referencia Catastral 001500900MH75D0001RQ).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 13 de Marzo de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia.-

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de ESTÉVEZ MEDÍN, S.L., con CIF B-15896012 e domicilio social na Avenida Anchoa, 55 de Escaselas deste Termo Municipal, para proceder á realización das obras que son necesarias co motivo da instalación do servizo de saneamento e abastecemento de auga potable con destino a unha edificación dedicada a centro comercial, catro vivendas e garaxes emprazada na citada localidade (Referencia Catastral 8524404MH7582S0001MQ) conectando coa rede xeral que pasa pola zona .-

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 6 de Marzo de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto; condicionada a que:

a.- Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras de conexión ao saneamento municipal (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de saneamento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de saneamento.

b.-Existirá unha arqueta sifónica no interior do límite da propiedade para evitar olores e facilitar desatoamentos. A conexión na propiedade privada terán unha pendente mínima de 2%.

c.-Dende a arqueta sifónica dispoñeráse dun tubo de PVC sanitario liso, SN-4, de diámetro mínimo 160mm, recuberto perimetralmente con formigón, e con pendente comprendida en o 1% e o 6%. O tubo descenderá o máis recto posible, non permitíndose curvas nin cambios de dirección sen arqueta ou pozo de rexistro correspondente.

d.-A conexión de tubo de evacuación irá a pozo de rexistro, que de non existir deberá ser executado polo solicitante, farase sempre por riba da xeneratriz do tubo da rede xeral que desemboca nese pozo. Ademais, a cota de saída na edificación será sempre superior á da tapa do pozo ao que se conecte. Este pozo será prefabricado de formigón de 100 cm de diámetro interior, formado por soleira de formigón HA-25/P/40/I de 20 cm de espesor, lixeiramente armada, aneis de formigón en masa, prefabricados de borde machihembrado, e cono para formación de brocal do pozo, de 60 cm de altura, con peche de marco de tapa de fundición, selado de xuntas con morteiro de cemento e area de rúa M-15. Nalgún caso, onde haxa xa pozos a distancias mais ou menos regulares na rede, e existindo arqueta de saída da vivenda e estando ésta a pouca distancia do punto de entronque do colector coa rede xeral é innecesario facer outro pozo máis e podería conectarse directamente cun enlace de clip, segundo se determine na visita a realizar.

e.- No caso de que o tubo do interior da propiedade quedase máis baixo que o da rede municipal, disporase un pozo de bombeo en lugar da arqueta. O tubo de impulsión á rede municipal será de polietileno de alta densidade de 50-63 mm de diámetro, de acordo coas características técnicas da bomba. Sempre se instalarán válvulas antirretornos.

f.-O tubo de saneamento discorrerá sempre por debaixo do abastecemento de auga, no caso de existir un cruzamento ou de discorrer paralelas ambas instalacións.

g.-A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

h.-Non se poderán conectar á rede pública de sumidoiros as augas pluviais, as cales terán que ser canalizadas cara á cuneta ou cara pozo filtrante dentro da parcela.

i.-O interesado comunicarse coa empresa do servizo de saneamento de auga e saneamento, para que por esta se efectúe a correspondente conexión ás redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo por dita concesionaria.

j.- No que respecta ó entubado das pluviales será responsable ó Promotor na necesaria reconstrución das mesmas co diámetro suficiente no caso de que se comprobe a falta de capacidade hidráulica das xa instaladas.

Así mesmo será responsable de todos os danos e prexuízos que poidan ocasionarse a terceiras persoas co motivo das instalacións realizadas.

3º) Asuntos varios.-

SUBVENCIONS EXCMA DEPUTACION PROVINCIAL 2019

Examinadas as Bases da Convocatoria para mantemento de persoal técnico nos servizos municipais de Cultura durante o ano 2019 publicada pola Excma Diputación Provincial no Boletín Oficial da Provincia número 40 de data 26 de Febreiro de 2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

a) Aprobar á Memoria redactada para Mantemento do actual posto de traballo de Animadora Cultural dentro do Departamento de Cultura desta Corporación que consta no expediente cun gasto total de Vinte e tres mil setecentos noventa e tres euros con vinte e seis céntimos (23.793,26 €) en concepto de Salarios e Cotas Empresa á Seguridade Social.-

b) Solicitar da Excma Diputación Provincial unha Subvención por importe de Dez mil euros (10.000 €) para o seu financiamento.-

c) Remitir Certificación deste acordo, xunto coa documentación prevista, ó citado Organismo Provincial dentro do prazo establecido.-

EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

A) Á vista da petición formulada por parte de Construcciones D. Ogando S.L. con CIF B15209794 e domicilio social na localidade de Senande, 170 do Termo Municipal de Muxia, sobre solicitude de acceso ó expediente pola parte dos técnicos e representantes da Empresa, en especial ás ofertas realizadas polas demais empresas que se presentaron á licitación da Obra denominada

"Mellora de Servizos e pavimentación en Ermedesuxo de Arriba, Denle e O Vispo - Fisterra "

Resultando que a licitación foi convocada mediante procedemento aberto simplificado a publicada na Plataforma de Contratación do Sector Público de conformidade co previsto no Prego de Cláusulas administrativas particulares aprobado no seu día por parte da Excmá Diputación Provincial e demais normas de contratación previstas na Ley e as súas disposicións regulamentarias,

Considerando que por parte desta Corporación douselle acceso a todas as Empresas licitadoras da documentación de carácter público a través de dita Plataforma de Contratación así como un tratamento igualitario a cada un deles,

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) **Non acceder ó solicitado por parte da Empresa Construcciones D. Ogando S.L., toda vez que dentro da Plataforma de Contratación do Sector Público encontrase toda e canta documentación é necesaria para que, no seu caso, poidanse formular os recursos que se consideren oportunos contra o acto administrativo de Adxudicación (Actas, Ofertas dos licitadores, Informes de Valoración, Acordos de adxudicación, Notificacións a todos os licitadores etc).**-

2) **Entender que non é viable legalmente ó acceso por parte da Empresa solicitante ás Referencias Técnicas formuladas polas restantes Empresas licitadoras, toda vez que ó tratarse de traballos de carácter propio e persoal efectuados polos Representantes e Técnicos de cada unha delas, teñen a consideración de intransferibles e polo tanto suxeitas á Lei de Protección de Datos.**-

B) **Á vista da petición formulada por parte de Construcciones D. Ogando S.L. con CIF B15209794 e domicilio social na localidade de Senande, 170 do Termo Municipal de Muxia, sobre solicitude de acceso ó expediente pola parte dos técnicos e representantes da Empresa, en especial ás ofertas realizadas polas demais Empresas que se presentaron á licitación da Obra denominada "Urbanización Rúa Laranxos e Camiño da Insua - Fisterra "**

Resultando que a licitación foi convocada mediante procedemento aberto simplificado a publicada na Plataforma de Contratación do Sector Público de conformidade co previsto no Prego de Cláusulas administrativas particulares aprobado no seu día por parte da Excmá Diputación Provincial e demais normas de contratación previstas na Ley e as súas disposicións regulamentarias,

Considerando que por parte desta Corporación douselle acceso a todas as Empresas licitadoras da documentación de carácter público a través de dita Plataforma de Contratación así como un tratamento igualitario a cada un deles,

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Non acceder ó solicitado por parte da Empresa Construcciones D. Ogando S.L., toda vez que dentro da Plataforma de Contratación do Sector Público encontrase toda e canta documentación é necesaria para que, no seu caso, poidanse formular os recursos que se consideren oportunos contra o acto administrativo de Adxudicación (Actas, Ofertas dos licitadores, Informes de Valoración, Acordos de adxudicación, Notificacións a todos os licitadores etc).-

2) Entender que non é viable legalmente ó acceso por parte da Empresa solicitante ás Referencias Técnicas formuladas polas restantes Empresas licitadoras, toda vez que ó tratarse de traballos de carácter propio e persoal efectuados polos Representantes e Técnicos de cada unha delas, teñen a consideración de intransferibles e polo tanto suxeitas á Lei de Protección de Datos.-

VENDA AMBULANTE **RENOVACION ANO 2019 - 1º TURNO**

Vistos os expedientes individuais iniciados coa finalidade de renovar os postos que se ocupan na venda ambulante deste concello para o ano 2019, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polas persoas interesadas e conceder autorización para realizar a venda ambulante neste concello **durante o ano 2019, ás persoas que de seguido se indican:**

NUM/ MTS	INTERESADO DNI/CIF/NIE	DOMICILIO	ACTIVIDADE
2 6 MTS	SOUTIÑO PEREZ, Carmen	Caldas de Reis	663.1 ALIMENTACIÓN
4 6 MTS	DE LOS SANTOS LAGOS, Anibal Fernando	Muxía	663.1 ALIMENTACIÓN
11 12 MTS	VARELA SUAREZ, José Manuel	Coristanco	663.2 TEXTIL
13 8 MTS	LEMSAHTI MAJDAOUI, Khelifa	Arteixo	663.2 TEXTIL
17 12 MTS	LINARES SALAZAR, Esther	Cee	612.2 PRANTAS, ABONO
18 10 MTS	FERNANDEZ FERNANDEZ, Montserrat	Milladoiro - AMES	663.2 TEXTIL
19 12 MTS	VILA BLANCO, BELEN	Dumbria	663.1 ALIMENTACION
22 10 MTS	LEKBAB LEKBAB, Bachir	Arteixo	663.2 TEXTIL

23 8 MTS	FRANCO GONZALEZ, Manuel	Dumbría	663.1 ALIMENTACION
24 8 MTS	MOUMNI BELAIDI, Soumia	Arteixo	663.2 TEXTIL
25 7 MTS	BOURTAL BOURTAL, Abdelazize	Arteixo	663.2 TEXTIL
26 8 MTS	TUÑEZ CASTRO, José	Cee	663.2 TEXTIL
27 7 MTS	GONZALEZ PEREZ, Manuel	Santiago	663.2 TEXTIL
30 10 MTS	OTERO SANTANDRE, Lourdes	TEO	663.2 TEXTIL
34 8 MTS	FERNANDEZ FERNANDEZ, Ramón	Santiago	663.2 TEXTIL
40 18 MTS	CARREIRA GALLEGO, José Luís	Fisterra	663.2 TEXTIL
46 12 MTS	TALAA, Mohamed	Camariñas	663.2 TEXTIL
49 10 MTS	TALLA, Mohamed	Camariñas	663.2 TEXTIL

2º) Notificar este acodo ás persoas interesadas para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poidan interpoñer.

LISTA DE ESPERA

A) Visto o escrito presentado co número 401 (RE) de 13/02/2019, por **Ignacio Salazar Bermúdez**, no que solicita un posto na venda ambulante para adicarse á venda de produto textil.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º **Incluído na lista de espera da venda ambulante deste concello, co número 95**, para adicarse á venda de produto textil.

2º Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer

VADOS PERMANENTES **ALTAS**

A) Visto o escrito presentado co número 370 (RE) de 8/2/2019, por **Socorro Rodeiro Marcote**, no que solicita autorización para a instalar na parcela con referencia catastral 1046202MH8514N0001EA, un vado permanente de 3 metros de longo, que facilite a entrada e saída de vehículos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º **Conceder a Socorro Rodeiro Marcote**, licenza para a instalación do vado permanente número **1/2019** (chapa número **132**) de 3 metros de longo, para unha superficie interior de ata 60 m², coa finalidade de facilitar a entrada e saída de vehículos do garaxe, condicionada a que:

a) Deberá instalar, na porta, fachada ou construción de que se trate, un disco de detención ou estacionamento axustado ao modelo oficial, que será facilitado polo Concello, previo aboamento das taxas correspondentes.

b) Deberá rebaixar o bordo da beirarrúa en toda a anchura do vado, ata quedar a cota a 0,00 metros sobre a rasante da calzada. Para a execución de tales obras, así como, para o rebaixe da beirarrúa e reforzo dela, deberá solicitar o correspondente permiso de obras, tendo en conta que se repoñerá o pavimento existente na beirarrúa (baldosa, formigón, etc...), de xeito que non exista discontinuidade no pavimento do resto da beirarrúa.

c) Non se permite en ningún caso, colocar ramplas que ocupen a calzada.

d) As obras de execución do vao deberán realizarse de acordo coas condicións que se sinalen na licenza e en todo caso de conformidade co disposto na Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras, e o Decreto 35/2000, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento.

e) O titular está obrigado a:

- Manter en bo estado de conservación o espazo da vía pública obxecto da reserva e a súa sinalización, e a reparar os danos que lle cause.

-Sinalizar o vado de acordo coas prescricións que se recollen na ordenanza municipal.

-Comunicar ao concello, no prazo máximo de 15 días contados desde que se produza, calquera modificación das condicións e circunstancias que foran tidas en consideración no outorgamento da licenza.

-Incluílo no Padrón fiscal da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga, descarga, etc, para o ano 2019, cunha cota anual de **vintenove euros** (29,00 €).

- Efectuar no vado cantas obras ordinarias ou extraordinarias ordene o concello.

- Refacer o bordo e a beirarrúa unha vez expirado o periodo de tempo para o que foi outorgada a licenza, ou cando esta caducase, sexa anulada ou cando o titular

solicite a súa finalización, como requisito previo en todos os casos para que sexa efectiva a conclusión da vixencia da licenza.

-Os usuarios do vado e demais espazos destinados a acceso de vehículos aos inmobles quedarán obrigados a respectar o tránsito peonil que terá, en todo caso, carácter preferente.

2º Deberá presentarse nas oficinas municipais coa finalidade de retirar a placa do vado e colocala nas inmediacións do vado permanente.

3º Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.-

DANOS A BENS DE PROPIEDAD PRIVADA

Vista a solicitude presentada co número 1074 (RE) de 27/04/2018 por **José Insua Domínguez**, no que comunica que o pasado día 5/1/2018, o seu vehículo estaba estacionado no Paseo de Corveiro, fronte ao Castelo de San Carlos e caeulle encima polas dunha palmeira que estiveron talando a noite anterior provocandolle danos no capó e na aleta esquerda (achega fotografías), polo que solicita a responsabilidade patrimonial deste concello para afrontar os gastos por importe de 643,72 € a que ascende a reparación dos danos causados (achega factura emitida por “Talleres Sport Galicia” de Arteixo).

Considerando, que no expediente consta informe emitido pola Policía Local o pasado 3/5/2018, do que se desprende a veracidade dos feitos.

Considerando, que no expediente consta toda a documentación necesaria para acreditar a presunta relación de causalidade entre os danos producidos e o funcionamento do servizo público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Aprobar o gasto por importe de seiscentos corenta e tres euros e setenta e dous céntimos (643,72 €) a favor de José Insua Domínguez, resultante da responsabilidade patrimonial desta corporación polos danos causados con cargo ao Presuposto Ordinario prorrogado para o ano 2019.

2º) Que por parte do Departamento de Secretaría-Intervención se proceda á formalizar o oportuno documento contable para proceder a pagarlle ao interesado, que ao recibo da devandita cantidade e como perxudicado, considerase completamente indemnizado por este concepto coa expresa renuncia a calquera outra reclamación derivada deste sinistro.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

AXUDAS ECONÓMICAS

(Emerxencia Social)

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a M. C. R. T., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Catrocentos euros (400,00 €) para gastos de traslado a UAD de Carballo e de primeira necesidade, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

Dita axuda repartirase nunha cuantía mensual de Cen euros (100 €) durante catro meses do ano 2019.-

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a P. L. C., veciño de Fisterra, unha axuda polo importe de Cincuenta euros (50 €) para gastos de desprazamento a Unidade Asistencia de Drogodependencias de Carballo e Hospital de Cee , ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda **DENEGAR** a petición de Axuda Económica formulada por parte de C. L. C., veciña de Fisterra, **toda vez que xa se concedeu unha por parte desta Xunta na sesión do día 16 de Xaneiro de 2019 e nestes momentos é necesario atender a outras familias necesitadas dentro do Termo Municipal.--**

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a G. C. F.-T., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Trescentos sesenta euros (360 €) para gastos de primeira necesidade, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a M. C. M. L., veciña de Fisterra, **unha única axuda para o ano 2019 polo importe de Catrocentos euros (400 €) para gastos de adquisición dun colchón e de primeira necesidade** , ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

AXUDAS ECONÓMICAS

A Xunta de Goberno local por **Tres votos a favor** (1 Alcalde e seu voto de calidade e 1 de Soledad Vilela Romero do grupo PSdG-PSOE) e **dous en contra dos Concelleiros do grupo BNG** ó non estar de acordo con estas actividades destinadas a caza de animais, acorda conceder a José Canosa Senlle, veciño

de Fisterra, unha axuda polo importe de Seiscentos cincuenta euros (650 €) para sufragar parte dos gastos que se ocasionen co motivo da Organización do IX Campionato de Caza San Huberto Cabo Fisterra que celebrárase o día 30 de Marzo de 2019.-

Asimesmo que para o próximo ano estudarase a concesión ou non de axudas para este tipo de eventos dedicados ó deporte da caza.-

Ditos gastos deberán ser xustificados antes do 31 de Decembro de 2019.-

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder as seguintes axudas económicas para o ano 2019 :

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Colexio Público "Mar de Fora " Fisterra"	Excursión Fin de Curso Alumnos de 3º e 4º Primaria Manzaneda (Días 22, 23 e 24 de Maio de 2019)	300,00 €
Colexio Publico "Mar de Fora " Fisterra"	Excursión Fin de Curso Alumnos de 5º e 6º Primaria Asturias (Días 3, 4, 5 e 6 de Xuño de 2019)	300,00 €
Colexio Público " Areouta " Sardiñeiro	Excursión Fin de Curso Alumnos de 5º e 6º Primaria Cantabria	300,00 €
Colexio Ntra Señora del Carmen Fisterra	Excursión Fin de Curso Alumnos de 4º de ESO Palma de Mallorca (Días 23 a 28 de Abril de 2019)	300,00 €
Coro " Nuestra Señora del Carmen " Fisterra	Participación no XXIV Festival da Canción Vocacional o día 30 de Marzo de 2019 en Madrid	300,00 €

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 21:20 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.